



DATOS IDENTIFICATIVOS

Didáctica da lingua e literatura: Galego

Materia	Didáctica da lingua e literatura: Galego			
Código	O05G120V01501			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Míguez Álvarez, Carla María			
Profesorado	Míguez Álvarez, Carla María			
Correo-e	camiguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia proporcionará ao futuro docente coñecementos científicos necesarios para favorecer o desenvolvemento das habilidades lingüísticas do alumnado de Educación Primaria. Terá dominio para empregar técnicas didácticas adecuadas, capacidade para seleccionar recursos e estratexias de intervención didáctica, criterios para analizar os diversos materiais e referentes para avaliar o progreso nas diferentes habilidades comunicativas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento

C20	Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas
C23	Analizar e incorporar de forma crítica las cuestiones más relevantes de la sociedad actual que afectan a la educación familiar y escolar: impacto social y educativo de los lenguajes audiovisuales y de las pantallas; cambios en las relaciones de género e intergeneracionales; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social y desarrollo sostenible
C43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación
C44	Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil
C45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura
C46	Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma correspondente
C47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino
C48	Fomentar a lectura e animar a escribir
C49	Coñecer as dificultades para a aprendizaxe das linguas oficiais de estudantes doutras linguas
C50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües
D1	Capacidade de análise e síntese
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D18	Creatividade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1.Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	A1			D1
	A2			D3
	A3			
	A4			
	A5			
2.Coñecer o currículo escolar da lingua galega e literatura	A1	B1	C45	D3
	A2	B2		
	A3			
	A4			
	A5			
3.Adquirir coñecementos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe da lingua galega como medio de comunicación.	A1		C1	D1
	A2		C4	D13
	A3			
	A4			
	A5			
4.Saber aplicar estratexias didácticas para mellorar o proceso de desenvolvemento das habilidades lingüísticas de expresión e comprensión oral	A1	B3	C4	D12
	A2	B10	C20	D13
	A3	B11	C23	D14
	A4		C49	D18
	A5		C50	
5.Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.	A1		C43	D3
	A2		C46	D18
	A3		C47	
	A4		C49	
	A5		C50	
6. Desenvolver estratexias didácticas para a comprensión do texto escrito e promover a creatividade	A1	B10	C1	D14
	A2	B11		D18
	A3			
	A4			
	A5			
7. Coñecer textos de literatura popular e de literatura infantil galega e valorar o seu aproveitamento para a aprendizaxe lingüística e como medio de normalización da lingua.	A1	B11	C44	D3
	A2		C48	D14
	A3			D18
	A4			
	A5			
8. Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.	A1	B4		D1
	A2	B6		D14
	A3			
	A4			
	A5			

Contidos

Tema

1.- COÑECEMENTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES COMUNICATIVAS.	Desenvolvemento das habilidades comunicativas. Comprensión e expresión oral. Competencia comunicativa. Metodoloxía, estratexias e técnicas.
2.- ANIMACIÓN Á LECTURA E Á ESCRITURA.	Lectura comprensiva. As idades lectoras. Competencia literaria e competencia lectora. A biblioteca de aula. Animación á lectura. Expresión escrita: obxectivos. Formas de expresión escrita. Proceso didáctico da composición. Escrita creativa.
3.- DESENVOLVEMENTO DE EXPERIENCIAS EDUCATIVAS E DE MATERIAIS DIDÁCTICOS.	Desenvolvemento de experiencias educativas e de materiais didácticos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	14	0	14
Presentación	10	30	40
Obradoiro	14	30.5	44.5
Cartafol/dossier	7	17	24
Exame de preguntas de desenvolvemento	1.5	0	1.5
Proxecto	5	20	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Esta sesión servirá para presentar a materia aos estudantes.
Lección maxistral	Exposición por parte da docente dos contidos da materia, bases teóricas e /ou directrices dun traballo, actividade ou proposta educativa a desenvolver polos estudantes.
Presentación	Exposición por parte do alumnado de temas sobre contidos da materia ou dos resultados de análises, tarefas, traballos, experiencias, prácticas etc.
Obradoiro	A partir da selección de textos literarios, procederase á súa reescritura para, posteriormente, seren dramatizados mediante o emprego de diferentes estratexias e recursos.
Cartafol/dossier	Recompilación de análises críticas, propostas didácticas, materiais, recursos etc. relativos á lingua e literatura infantil.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Durante estas sesións o alumnado poderá expresar as súas dúbidas e consultas, propiciando o debate e a reflexión acorde á temática tratada
Presentación	Para a elaboración das presentacións/exposicións, o alumnado terá que seguir as pautas indicadas pola docente, quen ha de ofrecerlle axuda e supervisará as súas propostas antes da entrega final.
Obradoiro	O alumnado será guiado pola docente durante todo o proceso: desde a selección do texto ao seu reescritura e correspondente dramatización.
Cartafol/dossier	A docente proporcionará guías orientadoras para a elaboración de todos os materiais que se inclúan no cartafol.
Probas	Descrición
Proxecto	Ademais de contar coa axuda da docente durante o desenvolvemento desta proposta, o alumnado terá á súa disposición un documento-guía desde o que deseñar e implementar un proxecto de dinamización da lingua e a cultura galegas.

Avaliación

Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe

Presentación	Valorarase a aplicación práctica dos contidos teóricos do temario, a planificación, a creatividade, a exposición oral, etc.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B10 B11	C1 C4 C23 C43 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50	D1 D3 D12 D13 D14 D18
Obradoiro	A partir da selección de lecturas literarias, realizarase unha reescritura textual, que ha de ser dramatizada	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6 B11	C1 C4 C23 C43 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50	D1 D3 D12 D13 D14 D18
Cartafol/dossier	Recompilación de análises críticas, propostas didácticas, materiais... relativos á lingua e literatura infantil.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6 B11	C1 C4 C23 C43 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50	D1 D3 D12 D13 D14 D18
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas sobre contidos da materia	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1	C1 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50	D1 D3 D14 D18
Proxecto	Deseño e implementación dun proxecto vinculado coa dinamización da lingua e a literatura galegas.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B6 B10 B11	C1 C4 C20 C23 C43 C44 C45 C46 C47 C48 C49 C50	D1 D3 D12 D13 D14 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Alumnado que opte pola metodoloxía de avaliación continua (80% de asistencia): Para superar a materia será requisito imprescindible aprobar cada un dos traballos que se indiquen e o exame.

As partes da materia superadas na primeira oportunidade non serán obxecto de avaliación na segunda, considerándose, polo tanto, aprobadas nese curso académico. Ver datas dos exames na páxina web da Facultade.

Aqueles estudantes que, por causa xustificada, NON POIDAN ASISTIR regularmente serán avaliados:

- Proba escrita: 50%

-Traballo escrito, sobre un tema ou parte dun tema: 50%

Comunicaralle á persoa docente a súa decisión de atermos á metodoloxía de avaliación global nas primeiras seis semanas de

inicio do cuadrimestre para marcar un plan de traballo

Data do exame: consultar a web da facultade.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender as necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CANTERO SERENA, J., **El arte de no enseñar lengua**, Octaedro, 2019

LÓPEZ VALERO, A. e ENCABO, E., **Fundamentos didácticos de la lengua y la literatura**, Síntesis, 2016

MARTÍN VEGAS, R., **Desarrollo de la competencia lingüística y literaria en la educación primaria**, Síntesis, 2018

MARTÍN-SÁNCHEZ, M., **El gatopardo educativo**, Octaedro, 2021

CALLÓN, C., **Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez**, Xerais, 2012

FONS, M. e PALOU, J. (coords.), **Didáctica de la lengua y la literatura en educación primaria**, Síntesis, 2016

MENDOZA FILLOLA, A., **Didáctica de la Lengua y la Literatura para Primaria**, Pearson, 2000

ROIG RECHOU, B.-A. (coord.), **Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega**, Xerais, 2015

Bibliografía Complementaria

MOSQUERA CASTRO, E., **Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos**, ASPG, 2013

PRADO ARAGONÉS, J., **Didáctica de la lengua y la literatura para educar en el siglo XXI**, La Muralla, 2004

ÁLVAREZ ANGULO, T., **Competencias básicas en escritura**, Octaedro, 2010

BADÍA ARMENGOLD, D. e VILÁ, M., **Juegos de expresión oral y escrita**, Graó, 2009

BALLESTER ROCA, J., **La formación lectora y literaria**, Graó, 2015

CARPENTE ALLEGUE, B., **Gramática insubordinada. Obradoiro de Lingua Gianni Rodari**, Xerais, 2004

CASSANY, D., **Enseñar lengua**, Graó, 1997

COLOMER, T., M. MANRESA, L. RAMADA e L. REYES, **Narrativas literarias en educación infantil y primaria**, Síntesis, 2018

GARCÍA TEIJEIRO, A., **A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula**, Galaxia, 2009

LAGE FERNÁNDEZ, J.J., **Bibliotecas escolares, lectura y educación**, Octaedro, 2013

MARTÍN VEGAS, R. A., **Manual de didáctica de la lengua y la literatura**, Síntesis, 2009

LLUCH, G., **Cómo seleccionar libros para niños y jóvenes**, Trea, 2010

MATA ANAYA, J., NÚÑEZ DELGADO, M. P. e RIENDA POLO, J. (Coord.), **Didáctica de la lengua y la literatura**, Pirámide, 2015

PARDO DE NEYRA, X., **Didáctica da lingua e da literatura galegas: o xogo transpositor fronte ao cinema galego: dimensión e desenvolvemento educativo**, Fervenza, 2018

PETIT, M., **Ler o mundo**, Kalandraka, 2018

SÁNCHEZ MIGUEL, E. e outros, **La lectura en el aula**, Graó, 2010

RODARI, G., **Gramática da fantasía**, Kalandraka, 2010

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase a lectura regular de obras literarias en lingua galega que redunden nunha mellora da competencia oral e escrita do estudantado, así como de calquera documento que contribúa á mellora do dominio da lingua formal.

Recoméndase asistencia continua ás sesións de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamental para o seguimento da materia por parte do estudantado e para a avaliación, por parte da docente, do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedementais.

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).